

ÁMBITO

Localidade O Corgo-Castroverde-Láncara-O Páramos

Comarca Lugo centro

Lugar de realización Centro Socio-Cultural O Corgo

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 25

Nº de non militantes asistentes 5

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local: Mario Outeiro

Representante do Consello Nacional: Bernardo Valdês

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión :1 hora 45 min.

Metodoloxía empregada (clásica,
grupos pequenos, pizarras, etc)

Breve exposición inicial e despois debate aberto
Colocación en círculos das/os participantes
Utilización dunha pizarra para resumir as
propostas

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono xeral positivo e con unha elevada participación, interviron 16 das/os asistentes. Avaliación moi positiva do Proceso Adiante.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

- É necesario un maior conexión da organización comarcal coas distintas localidades e abordar o traballo local con maior continuidade no tempo.
- Cómpre estar a pé de rúa traballando e defendendo as nosas posicións.
- É preciso unha especial atención aos pactos de goberno con outras forzas políticas para evitar ser fagocitados.

Radiografía da Galiza de hoxe

- A terceira idade cada vez ten mais peso demográfico e cómpre analizar en maior profundidade a súa problemática e as súas demandas.
- Hai unha situación social cada vez máis preocupante, no agro unha desfeita.
- A pesar da difícil situación social e económica pola que pasa moita xente existe nunha franxa importante da sociedade (das persoas máis novas mas tamén das de mais idade) un desinterese pola política
- Os medios de comunicación teñen unha influencia crecente.
- A precariedade no ensino é preocupante e está condicionando o futuro da xente nova.

Estratexia política do nacionalismo galego

- Cómpre prestar atención ao traballo nas redes sociais.
- Hai que facer un grande esforzo por manter informada á xente (actos, boletíns,...), non sempre dá resultados electorais mais debese facer igual.
- Unha cuestión chave é como chegar á xente moza?
- Os votos son importantes mais non debemos guiarnos unicamente por eles, estamos nun momento dunha grande volatilidade electoral mais debemos manter no esencial a nosa estratexia.
- Debemos facer un importante esforzo no traballo cultural e de defensa da lingua. Neste sentido débese prestar especial atención ao ensino que está actuando como unha ferramenta desgaleguizadora. Habería que ver a posibilidade de realizar nas distintas localidades campañas para fomentar a colación de letreiros en galego dos negocios.
- Conseguir unha maior coherencia entre o que dicimos ou facemos e a nosa ideoloxía.
- É preciso prestar unha maior atención ás actuacións e políticas en materia de igualdade tanto internamente como cara fora.

Participación política e modelo organizativo

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Ir cara unha estrutura na que os concellos nos que haxa unha maior fortaleza podan apoiar a aquelas nos que hai menos presenza.
- Mudar o nome do BNG por si só non serve para nada.